

«Parece que é como unha necesidade deixar algo en papel»



PATRICIA BLANCO

CARBALLO / LA VOZ LAXE



ALBERTE SANCHEZ REGUEIRO (DISTRITO XERMAR)

Oscar de Souto, nacido en Cabana e residente en Laxe, vén de publicar «Carbón querubín»

09 feb 2018

Colaborador de emisoras locais, participante en centos de recitais, promotor de actos culturais, dinamizador social... Óscar de Souto ten moitas facetas. Outra delas é a de escritor. Nacido en Cabana no 1980 e agora residente en Laxe, vén de publicar Carbón querubín (2017). Conta que súa nai xa ten atopado poemas del feitos con 5 anos: «Penso que é algo xenético, de nacemento». Fai tamén unha defensa activa do voluntariado, papel que xoga en moitas ocasións e dende o que promociona a comarca.

-¿Que podemos atopar na obra?

-É unha autoedición, un resumo dos 35 libros que teño. Recollo o que me parece máis oportuno para contarlle á xente de aquí. Hai algún artigo, poesía nun galego asequible e tamén en castelán e mesmo cancións. Vai pola sétima edición e maquetei é distribuín eu. É unha mágoa que se estean poñendo fondos para editar obras gratuítas e que non haxa apoio para a literatura propiamente dita.

-¿Non traballa con ningunha distribuidora para esta obra?

-Non, non quixen. Fago o mesmo que facía Eduardo Pondal, e case igual que fai tamén Espiral Maior. A editorial que distribuíu algunha das súas obras fíxoo por carta. Escribía aos suscritores, estes enviaban as tres pesetas e mandábanlle o libro. O meu método é similar, só que agora vía transferencia [ri].

-¿Para que bota en falta axudas cando di que é preciso apoio?

-Vexo que con fondos de concellos, fundacións ou similar se editan libros de coplas, por exemplo, para repartir gratuitamente. Eu penso que o gratuíto a xente non o valora, polo que creo que debería haber axudas para todos os escritores descoñecidos que temos pola costa.

-O seu método obrigaralle a moverse vía redes, por exemplo.

-Si, e sobre todo en persoa, como se facía antes, coñecendo a cada lector. Parece difícil, pero só é cuestión de ir porta por porta percorrendo toda a comarca.

-¿Por que agora esta obra?

-Parece que é como unha necesidade deixar algo en papel. O mundo celulóxico quere resistir e este é o meu primeiro libro en papel, individual. Teño outros colectivos. Os anteriores eran dixitais..